

PROGRAMA GALICIA AUTÉNTICA

A Cultura do Leite

09:00 Saímos de **Santiago de Compostela** ou arredores (Brión, Ames, Teo).

09:30 Visitamos unha granxa gandeira intensiva no concello do **Val do Dubra** ou **Brión** e comprobamos cómo se realizan as tarefas cotiás nunha explotación gandeira galega: alimentación e cría do gando, produción e coidados especiais.

10:30 Visitamos unha queixería tradicional no concello de **Santa Comba**, na Comarca do Xallas. Nas instalacións, teremos ocasión de comprobar, cos técnicos da fábrica, todo o proceso de elaboración e envasado do queixo.

13:30 Xantamos no Parque Fluvial de Verdes, en **Coristanco**. Atravesado polo río Anllóns, este parque sobre illotes, con carballeiras e muiños, constitúe un espazo natural de gran beleza.

15:30 Visitamos Buño, terra de oleiros no concello de **Malpica de Bergantiños**. Alí asistimos a un obradoiro de elaboración de pezas de barro empregadas tradicionalmente no eido rural galego para quecer o leite, conservar os queixos, etc.

Granxa Familiar (XXX)
Galicia Auténtica



Custe:

- Para grupos de 30 persoas viaxando en autocar: 12 €
- Para grupos de 50 persoas viaxando en autocar: 10 €
- Comida pícnic non incluída.